

## MEMORIA PLAN PROXECTA + DONAS DE SI

TÍTULO DO PROXECTO: Mulleres na historia, historia das mulleres

RESUMO DO PROXECTO:

Centramos o proxecto na creación de referentes femininos. Dividímolos en dúas partes para destacar diferentes perspectivas: a das mulleres na historia e as historias das mulleres da vida común. Creamos unha serie de actividades multidisciplinares entre os departamentos de Lingua galega e literatura, Xeografía e historia e Educación plástica e visual. Estas actividades orixináronse a partir do currículo dunha das materias e realizáronse en colaboración coas outras dúas ao longo do curso.

1- Mulleres na historia; centrámonos en figuras femininas históricas de relevancia en diversos campos, desde a prehistoria ata hoxe.

Actividades realizadas:

- a) Irmandiñas (1º Trimestre)
- b) Mulleres galegas na historia (2º Trimestre)
- c) A dama vermella (1ºT)
- d) Grecia a debate (2ºT)
- e) Gladiatrix (3ºT)
- f) Colaxes de mulleres (1ºT)

g) Debuxos nas ventás de personaxes femininos (2ºT)

2- Historia das mulleres; destacamos a importancia de coñecer as testemuñas das mulleres da vida común, que son un referente diario para nós.

Actividades realizadas:

a) As avoas (3ºTrimestre)

b) Podcasts: Sector servizos (2ºT)

Por último, realizamos un vídeo resumo, como mostra de todas as actividades expostas tanto nas aulas como na biblioteca ou corredores do centro.

#### LISTAXE DE PROFESORADO PARTICIPANTE

47354282L	Botana Lado, Débora	Coordinador
47366285Q	Fernández Fernández, Ana	Docente
44462306V	Suárez Leal, Delfina Belén	Docente

#### TAREFAS REALIZADAS

##### **1. Irmandiñas**

Esta actividade parte da materia de Lingua galega e literatura.

Ao dar o tema das Irmandades da fala traballamos cun artigo xornalístico que trata sobre o libro de Aurora Marco titulado *Irmandiñas*. A partir deste artigo, o alumnado tivo que investigar a unha muller membro das Irmandades da Fala e crear un cartel cunha imaxe e a información máis relevante.

Algúns exemplos:

**ELVIRA BAO:**  
A mestra que soñou unha Galicia ceibe e culta.

**PIONERA DO GALEGUISMO, PEDAGOGA E ACTIVISTA NAS IRMANDADES DA FALA.**

**MESTRA E PEDAGOGA INNOVADORA**

- Aboliu a instrución libre de doutrina.
- Aprenden facendo, non memorizando de doutrinas de mestres, laicos e máis.

**IRMANDIÑA E LÍDER FEMININA**

- Presidenta da Sección Feminina da Fala.
- Promoveu o papel activo das mulleres.
- A voz das "irmás" no outeiro político.

**COMPROMISO POLÍTICO E REPRISION**

- Militante da OPG.
- Militou coa Solidariedade Galega.
- Cárcel e deportación a Suíza.

**IRMÁS! Á LABOURA. QUE O TEMPO URXE.**

**MICAELA CHAO MACIÑEIRA**  
Unha muller adiantada ao seu tempo

Política galega que loitou polos dereitos das mulleres e pola cultura galega. A súa vida é exemplo de compromiso, coraxe e defensa da igualdade.

**INFORMACIÓN BÁSICA**

- Nacemento: 1912, en Vialto (Lugo)
- Falecemento: 27 de novembro de 1928, na Coruña
- Nacionalidade: Galega
- Profesión: Política e activista social

**SÚA VIDA**

- Fillo dunha familia acomodada de tradición liberal.
- Recibiu unha educación pouco habitual nas mulleres da súa época, que lle permitiu formarse e ter inquietudes políticas e culturais.
- Casou con Manuel Chao, xornalista e escritor, con quen compartiu ideas e ideas progresistas.

**EMIGRACIÓN A CUBA**

- Emigrou con seus pais a Habana (Cuba), onde a coeducación galega era moi numerosa e activa.
- Na Habana participou na vida cultural, social e política da comunidade galega.
- Foi unha muller moi respectada pola súa intelixencia, compromiso e capacidade de traballo.

**TRAXECTORIA POLÍTICA**

- De volta a Galicia, implicouse na vida política e municipal da Coruña.
- Foi unha das primeiras mulleres en ocupar un cargo público no concello de Coruña como concelleira.
- Defendeu a mellora da educación, da sanidade, das condicións laborais e os dereitos das mulleres.
- Traballou sempre por unha sociedade máis xusta, culta e igualitaria.

**O SEU LEGADO**

- Micaela Chao Maciñeira abriu camiño ás mulleres galegas na política.
- É un exemplo de coherencia, valentía e compromiso co seu país.
- A súa vida demostra que as ideas e a loita por un mundo mellor nunca sempre pagada.

**SABÍAS QUE...?**

- Faleceu moi nova, con só 16 anos, o 27 de novembro de 1928.
- A pesar da súa curta vida, deixou unha herencia política galega.
- A súa casa na Coruña avóida hoxe é recordada como lugar de reunión e tertulia.

**A SÚA VIDA EN DATAS**

- 1892: Nace en Vialto, Lugo.
- Anos 1900: Emigra con pais e irmáns a Habana.
- Anos 1910-1920: Participa activamente na vida cultural e política da comunidade galega en Cuba.
- 1920: Regresa a Galicia e establece unha vida dedicada á cultura e ao activismo político na Coruña.
- 27/11/1928: Falece na Coruña, unha vida dedicada á cultura e ao activismo político.

**LEMBREMOS O SEU NOME, SIGAMOS O SEU EXEMPLO.**

## 2. Mulleres galegas na historia

O alumnado de Lingua galega e literatura realizou uns traballos de investigación sobre mulleres galegas relevantes na historia en diferentes ámbitos. Realizaron colaxes para expoñer de forma plástica a información obtida sobre mulleres escritoras, científicas, deportistas, músicas, actrices, etc.

Algúns exemplos:






### 3. As avoas

Esta actividade parte da materia de Lingua galega e literatura.

O alumnado realizou entrevistas ás súas avoas para saber como era a vida cando elas eran adolescentes, descubriron así de onde veñen e como cambiou a vida, sobre todo das mulleres. Esta actividade tamén propiciou a comunicación interxeracional. O produto final foi o vídeo da entrevista e unha fotomontaxe con fotografías antigas. Ademais convidamos ás avoas participantes a unha merenda/coloquio na biblioteca, na cal profundizamos nas temáticas que saíron nas entrevistas.

Algúns exemplos:



#### 4. A dama vermella do Mirón

Esta actividade parte da materia de Xeografía e historia. Realizada en 1ºeso no 1º Trimestre.

O alumnado realizou unha ficha sobre a chamada Dama vermella de Mirón, un esqueleto atopado nesa cova en Cantabria que se descubriu que era unha muller e, polo tipo de enterramento, que debía ser unha figura relevante para a comunidade, como unha sacerdotisa. Despois o alumnado realizou un debuxo sobre como imaxinou que sería ese muller.



**VIAXAMOS AO PALEOLÍTICO COA DAMA VERMELLA.**

3. En que se baseaba a **dieta** da **Dama Vermella**?

4. **Por qué sabemos que** a Dama Vermella **era cazadora**?



## **5. Grecia a debate**

Esta actividade parte da materia de Xeografía e historia. Realizada no 2º Trimestre.

Debate na aula sobre os modelos políticos de Esparta e Atenas. O alumnado reflexionou sobre as seguintes cuestións: Cal sería mellor? un modelo democrático como o de Atenas, mais sen poder participar as mulleres, ou un modelo non democrático como o de Esparta, mais con participación da muller na vida pública?

## **6. Gladiatrix**

Visionado do documental Gladiatrix, sobre os restos atopados dunha gladiadora romana, con reflexión e coloquio posterior sobre como os prexuízos de xénero poden influír na interpretación da historia.

<https://www.youtube.com/watch?v=TlxflAuZdEY&t=1027s>

## **7. Podcast: sector servizos**

Esta actividade parte da materia de Xeografía e historia. Realizada con 3º eso no 2º Trimestre.

Na parte da materia relacionada con ciencias sociais, o alumnado de 3º eso realizou uns podcast por grupos relacionados co sector servizos, mais con perspectiva de xénero. Tiveron que investigar, resumir a información e expresala

como nun programa divulgativo de xeito ameno e obxectivo, expoñendo varios puntos de vista. As temáticas concretas foron as seguintes: servizo doméstico e precariedade; centros de acollida a mulleres vítimas de violencia de xénero; prostitución(abolicionismos ou regularización).

<https://padlet.com/anafd92/terceiro-terciario-un-podcast-sobre-o-sector-servizos-n7t6pnuoi7ju45u9>

## 8. Mulleres artistas

Desde a materia de Educación plástica e visual.

Investigación e realización de lapbooks sobre mulleres artistas.



## 9. Debuxos nas ventás de personaxes femininos.

O alumnado de EPV, durante o 2º trimestre, realizou debuxos polas vidreiras do instituto con rotuladores especiais sobre personaxes femininos da literatura.



### AVALIACIÓN DO PROXECTO

Estas actividades foron avaliadas na materia pola que foron promovidas, no trimestre no que foron realizadas, xa que os contidos están presentes no currículo da materia correspondente.

A valoración final do proxecto por parte das persoas implicadas foi moi positiva, xa que ao participar nel démoslle unha perspectiva de xénero a boa parte da nosa materia, contribuímos a crear novos referentes femininos en diferentes ámbitos, tamén no cotiá, e propiciamos a relación interxeracional. Ademais a colaboración entre estas tres materias deu lugar a actividades creativas e variadas, a darlle un toque de cor á literatura, descubrir a historia doutro xeito ou cargar de significado as obras plásticas.